

X. Sousa Fernández (2010): “Limiar”, en X. Sousa Fernández (ed.): *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 6-10.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Limiar

Xulio Sousa Fernández

Os estudos de toponimia aproveitáronse sempre das contribucións achegadas desde outras disciplinas para explicar a orixe, historia e distribución dos nomes de lugar. Coa colaboración da xeografía, a historia, a antropoloxía, a botánica, a economía e a lingüística, entre outras disciplinas, os estudos de toponimia arrequeñanse e desenvólvense de xeito máis completo. Neste sentido a cartografía, como representación gráfica do territorio, aparece como disciplina estreitamente vinculada cos estudos toponímicos. Os mapas funcionan como soportes, en ocasións únicos, dos nomes do territorio e a toponimia é unha parte fundamental da representación cartográfica. Nas últimas décadas, a aplicación dos sistemas de información xeográfica para a análise de datos toponímicos fixo aínda máis patente a utilidade da combinación de toponimia e cartografía.

Este volume reúne un conxunto de contribucións que dá conta do proveito que se pode tirar da investigación combinada nos ámbitos da toponimia e da cartografía. A intención do editor foi recadar a colaboración de especialistas que mostrasen nos seus traballos diferentes xeitos de aplicación das investigacións toponímicas e xeográficas.

De xeito simple, pode dicirse que no volume se presentan tres feixes de traballos. O primeiro monllo confórmano as contribucións que parten do ámbito da xeografía e mostran como os materiais toponímicos poden ter rendemento máis alá dos estudos onomásticos. O profesor Vicenç M. Rosselló móstranos a maneira en que os mapas, as linguas e o territorio se poden e deben conxugar ó seren estudados botando man da cartografía. O seu traballo é unha reflexión ilustrada do interese que para os xeógrafos teñen as análises toponomásticas: por unha banda os topónimos son parte fundamental e indispensable dos mapas e por outra os mapas serven de fonte e instrumento imprescindible dos estudos toponímicos. Jordi Bolòs presenta na súa contribución como a toponimia se pode empregar a xeito de ferramenta de reconstrución da paisaxe medieval. O coñecemento da historia dos topónimos e a utilización dos mapas axudan a com-

prender mellor a historia dos feitos e dos territorios. Para exemplificar o interese do estudo interdisciplinar entre toponimia, cartografía e historia utiliza mostras do proxecto *Atles dels comtats de la Catalunya carolíngia*, que desenvolve e dirixe desde hai varias décadas. Nerea Mujika parte dunha reflexión sobre os principios do traballo de investigación cartográfica e toponímica e presenta as dificultades que supón desenvolver estes traballos nunha comunidade bilingüe. O seu traballo péchase cunha serie de cuestións de interese sobre a toponimia bilingüe.

No segundo feixe xúntanse os traballos de interese onomástico que botan man de información cartográfica para interpretar, explicar e botar luz sobre os materiais lingüísticos analizados. José Ramón Morala analiza algúns mapas do Instituto Geográfico Nacional para mostrar o interese filolóxico da información toponímica contida nestes materiais e tamén a necesidade de que estes datos sexan fiables. O comentario dalgúns mapas da área leonesa sérvenlle para alertar sobre a necesidade de que a recollida de datos toponímicos para os traballos de cartografía se realice de xeito rigoroso e respectando as formas locais, sobre todo nas zonas con situacións lingüísticas no orixinariamente castelás. Só deste xeito se poderán emendar os erros que figuran nos mapas e que dificultan a interpretación correcta dos topónimos. A contribución de Stefan Ruhstaller proba como os testemuños toponímicos serven de indicio para coñecer a difusión xeográfica do léxico en épocas primitivas da historia das variedades lingüísticas. Nos exemplos extraídos do *Libro de la Montería* (século XIV) que emprega no seu artigo obsérvase como os feitos xeográficos se poden empregar para tirar conclusións lexicolóxicas de interese para a etimoloxía e a historia do léxico. Tomando a frase de Sonderegger citada polo autor, queda comprobado que a toponimia é unha especie de brazo alongado da dialectoloxía en dirección ó pasado. Jairo Javier García Sánchez presenta as características fundamentais da súa obra *Atlas toponímico de España*, un modelo de atlas toponímico que dá conta de como a investigación toponímica precisa da colaboración cartográfica. Utilizando unha serie de mapas do seu traballo, mostra diferentes formas de aproveitamento da información toponímica e cartográfica: estratigrafía léxica, estudos de zonas de fronteira lingüística, análises de motivación toponímica e outros aspectos lingüísticos interesantes. Elena Papa e Alda Rossebastiano utilizan a análise de dous casos de estudo toponímico para mostrar a utilidade dos sistemas de información xeográfica na investigación toponomástica. No primeiro (tipos toponímicos *balma/alma* e *calma/cialma*) apré-

ciase o interese de incorporar información da xeoloxía e morfoloxía do terreo para entender mellor a distribución das formas toponímicas. O outro caso (tipos *fara e sala*) sérvelles ás autoras para mostrar como a toponimia tamén contribúe a un mellor coñecemento da historia lingüística e cultural do territorio.

O terceiro grupo de traballos confórmano as contribucións que ofrecen información sobre proxectos de investigación que conxungan a toponimia e a cartografía. Mikel Belasko Ortega presenta unha revisión histórica dos principais proxectos de investigación sobre toponimia na comunidade de Navarra. A presenza da lingua vasca nesta área foi o motor que moveu moitos dos principais proxectos de recollida e estudo da toponimia. O autor analiza tamén o marco legal que afecta á toponimia e as accións que se están a desenvolver na actualidade. Paulo Martínez Lema, Rocío Dourado Fernández e César Osorio Peláez, investigadores do Instituto da Lingua Galega da USC, presentan o *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM), un proxecto que se desenvolve no ILG e que ten como finalidade poñer á disposición dos investigadores o conxunto do material toponímico rexistrado na documentación galega medieval. A través de internet os usuarios poden acceder a unha aplicación que lles permite consultar os rexistros toponímicos de maneira organizada e tamén obter unha representación cartográfica das atestacións. Os profesores Emili Casanova e Aigües-Vives Pérez Piquer descubren as características fundamentais do Corpus Toponímico Valencià (CTV), proxecto da Acadèmia Valenciana de la Llengua. Este corpus é o resultado das enquisas toponímicas realizadas a partir de 1994 promovidas pola administración valenciana coa finalidade de inventariar, localizar e fixar a toponimia da comunidade. Segundo os autores, o CTV ten un dobre aproveitamento: a utilización da información toponímica recollida na cartografía oficial e a difusión da información entre a poboación para que se poida incrementar a estima polo patrimonio toponímico. No traballo que pecha esta monografía Xosé Lois Villar mostra a utilidade de conxugar nos traballos de investigación toponímica a información cartográfica histórica coa obtida das fontes orais. O autor informa sobre un proxecto de recollida de talosónimos no suroeste da provincia de Pontevedra que deu como resultado o rexistro de máis de 1.300 nomes. Nesta contribución chámase a atención sobre a necesidade urxente de realizar labores de recollida sistemática de toponimia nas áreas costeiras galegas.

No cabo do capítulo IX de *Arredor de si*, Don Bernaldo, tío de Adrián e símbolo da vella fidalguía en extinción, mándalle a seu sobriño que vaia ó seu

despacho, tire da parede o mapa de Fontán e o traia a carón da cama para poder velo antes de morrer. Adrián atende o pedimento e cunha candeia na man vai alumeando sobre o gran mapa os nomes de camiños, lugares, ríos e ermidas que o vello lle vai dicindo. A vista do mapa e o nome dos lugares axudan a Don Bernaldo a facer o seu último percorrido pola Galicia toda que el andou e coñeceu: “Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras marelas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos sendeiros ós muíños e ás feiras, verdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias douradas, galgar de ondas nos cons, velas que saen ronselando o mar, orballeiras sobre os arboredos mestos, rúas de vellas cidades, soidades de esquecidos mosteiros”. O percorrido remata no lugar en que o ancián está a morrer. Don Ramón Otero Pedrayo, catedrático de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela, sérvese nesta pasaxe da *Carta Geométrica de Galicia* de Don Domingo Fontán para simbolizar a descuberta de Galicia do mozo Adrián. O mapa e os nomes que nel figuran son para o ancián Don Bernaldo, e supoñemos que tamén o eran para Don Ramón, a Galicia enteira que el coñece e que involuntariamente lle deixa en herdanza simbólica a seu sobriño Adrián.